

A C T A S

**II CONGRESO INTERNACIONAL
DE LA ASOCIACIÓN
HISPÁNICA DE LITERATURA MEDIEVAL**

(Segovia, del 5 al 19 de Octubre de 1987)

I

Editado por:
José Manuel Lucía Megías
Paloma Gracia Alonso
Carmen Martín Daza

UNIVERSIDAD DE ALCALÁ
1992

UNIVERSIDAD DE ALCALÁ DE HENARES

SERVICIO DE PUBLICACIONES

ISBN 84-86981-63-8

DEPÓSITO LEGAL: M-8718-1992

IMPRIME: Imprenta U.A.H.

DOUS LANCES AMOROSOS NO *ROMAN DE TROIE* E NAS SUAS VERSIONS IBERICAS

Benoît de Sainte-Maure representa un dos fitos máis significativos na evolución e criación da linguaxe romancesca francesa previa á integración plena do sentimentalismo da *fin'amors* e do heroísmo da *chevalerie* épica na *chevalerie courtoise*, fenómeno que só se producirá armonicamente na obra de Chrétien de Troyes. Son ben coñecidos e moi característicos os seus hábitos case refrexos de utilizar na súa obra para os lances bélicos e amorosos as linguaxes propias da épica e da lírica¹. O aspecto bélico foi estudiado recentemente polo Dr. Lorenzo, na lección inaugural do primeiro congreso da nosa Sociedade², con especial atención á tradución galega por el editada³. No que atingue ó aspecto amoroso, os especialistas no *roman antique* veñen sulíñando esa tendencia tan particular de Benoît a retardarse nos problemas sentimentais de contidos e maneiras líricos; sirva de exemplo Raynaud de Lage⁴, cando sulíña que os trinta mil versos do *Roman de Troie* non proceden dunha versión máis ampla de Dares e Dictis coma a que supoñía Constans, senón dunha amplificación que, ademáis das batallas, atingue tamén ós episodios amorosos, manipulando o esquema argumental do orixinal ou inventando novos lances. Para empezar vai moito máis aló do inicio da guerra de Troya para nos conta-la historia do Toisón de Ouro e narrarno-los amores de Xasón e Medea, sen que isto veña a conto; despois manipula o *Helenam non invitam eripiunt*, volvendo a muller de Menelao máis ca sensible ós encantos de Paris; inventa logo toda a historia de amor entre Briseida e Troilo para pasar máis tarde ó amores de aquela con Diomedes; exténdese canto lle prace en nos contar como sofre Aquiles por mor de Polixena, etc⁵. Deste xeito, o amor e as súas manifestacións veñen a ocupar un plano privilexiado na obra, tanto pola atención que suscita coma pola extensión do texto en que se desenvolve esta temática. Amor e heroísmo bélico son a substancia da obra tanto ou máis có seu ornato, sen se producir en ningún momento unha verdadeira integración dos dous temas, malia

a presenza de donas e doncelas espectantes sobre das murallas de Troia, pois aínda non chegou a hora do heroísmo cortés integrador de *fin'amors* e *prouesse*.

Encadrados por longas intervencións do narrador máis ou menos doctrinais, os monólogos dos namorados exhiben case tódalas variacións posibles da temática amorosa propia da *chanson*: declaracións, dúbidas, coitas, insomnios, desexo de morrer de amor, etc -especialmente por boca de Diomedes e Aquiles. As namoradas empregan decote a linguaxe da *chanson* feminina ou da cantiga de amigo, ás veces elevada⁶ e cortés, ás veces máis sinxela e popularizante e porende semellante a esta última. Achamos mesmo unha *male chanson*⁷, especie de auto-escarño feminino, case inédito nos cancioneros franceses⁸, na que a inconstante Briseida, ó longo de cen versos, auto-incúlcase por mor da súa infelicidade a Troilo, decidida xa a se entregar nos brazos de Diomedes (vv. 20237-44):

A sei meisme pense e dit:
 "De mei n'iert ja fait bon escrit
 Ne chantee bone chançon.
 Tel aventure ne tel don
 Ne vousisse ja jor aveir.
 Mauvais sen oi e fol espeir,
 Quant jo trichai a mon ami,
 Qui onc vers mei nel deservi..."

Estamos diante dun dos máis grandes ataques que nunca se producira na lírica galo-romance contra as veleidades e a inconstancia femininas, Briseida dí o que case ningún trovador ousou escribir nin cantar sobre as mulleres.

En conxunto estamos diante dun amplo repertorio lírico que abarca a temática fundamental da poesía trovadoresca e, ultrapasando as súas propias fronteiras, chega a incorporar algúns elementos de inspiración mediolatina ou dacabalo entre amba-las dúas tradicións, como é o caso do pranto por Heitor.

Mais nós imos reparar unicamente en dous lances amorosos, formalmente ben distintos dos elementos líricos aludidos con anterioridade por non seren monologados, para salientarmos dun lado as relacións coa alba no orixinal de Benoît e, doutra banda, a posible implicación da cantiga de romaría nas traducións ibéricas⁹. No primeiro caso estaríamos diante do máis antigo testemuño da existencia da alba, no segundo unha curiosa recepción condicionada pola tradición lírica ibérica de expresión galego-portuguesa.

Principiaremos por este último lance no que Benoît conta o encontro de Paris con Helena na Insua de Citaria. O autor francés prepara a situación coa utilización do tópico amor de oídas máis ou menos explícito nestes versos (4315-

23):

Mout est isnele Renomee:
 Saveir fist tost par la contree
 Que Paris ert avuec ses nés
 Iluec en l'isle al port remés.
 Heleine en oï la novele,
 Que sor autres dames ert bele
 E riche e sage e avenant,
 Ne se prise ne tant ne quant,
 Se ele a la feste ne vait.

que os tradutores ibéricos manteñen case literalmente, aínda que maticen que esta noticia "prúgolle moyto" (cap. 40, 1.4) a esposa de Menelao. Nada alleo ó ambiente e á ideoloxía cortesés neste comenzo da historia de Troia, ningunha diferenza na tradución, mais, desde este momento os tradutores len á súa maneira o texto de Benoît. Mentres no texto francés a desculpa empregada por Helena para se achegar ó templo de Citaria aparece como simple transposición do mundo antigo ó medieval sen grande manipulación, nos textos ibéricos convértese nunha especie cantiga de romaría en relato. Benoît explica que Helena (vv. 4325-28):

... a un vo voé
 Rendre a cel jor determiné:
 Sor l'autel vueut ses dons afrir
 E les devins respons oïr.

Por outra banda, nas versións ibéricas achamos uns matices novos. En primeiro termo, como tantas veces nas traducións da época, o que no orixinal é relato convértese en monólogo; o detalle non deixa de ser interesante, sobre todo porque prepara formalmente o texto para a súa manipulación. Doutra banda cremos poder afirmar que, nos textos ibéricos, se produce unha verdadeira transposición do mundo das romaxes ibéricas:

Eu ey feita hũa promessa a Venus, por hũa door que oyve, onde foý moy malcoytada, que yría cada ano por este día a ssua festa fazer m̃jas orações et p̃õer m̃jas oferendas sobre seu altar. Et por ende quero yr aló cõprir meu uoto et oyr as oras santas (cap. 40, 1. 7-9).

A cristianización do voto malia a presenza de Venus, e a maneira de cumprilo son evidentes, máis aínda, concordan co ambiente das *Cantigas de Santa María* e parecen recorda-la textualidade mesma dalgunhas cantigas de romaría. Se no texto de Benoît se lía *sur l'autel vueut ses dons ofrir*, na tradución temos *fazer m̃jas orações et p̃õer m̃jas oferendas*, tópicos da cantiga de romaría que achamos, por exemplo, en Afonso López de Baián (*Fui eu, fremosa, fazer oraçon*, nº CLXXII de Nunes), Xoán Servando (*A San Servand', u ora van todas orar... Pois todas i van de grado oraçon fazer*, nº CCCLXIX), etc., bastaría con que a oferenda fose en forma de *candeas* para que o texto constituía unha cantiga sen rima. Chama tamén a atención a tradución de *les devins respons oir* por *oyr as oras santas*.

A asimilación á cantiga da romaría pode deberse á narrativa que segue, porque refere a típica situación dos namorados no *visus* e no *alloquius* e porque Benoît sen querer fornece ós tradutores ibéricos un cadro característico, o da entrevista na ermida que, por razóns de brevedade, exemplificamos con esta estrofa de Xoan Servando (Nunes, nº CCCLXXIV) en forma negativa:

Fui eu a San Servando
 por *veer* meu amigo
 e non o *vi* na ermida
 ne *falou* el comigo,
 namorada;

Tanto en Benoît como nas versións ibéricas asistimos a unha escea de *donoi* coma as que podemos supoñer nas festas e romaxes campestres a que aluden as cantigas:

Tant fist, tant dist, tant porchaça,
 E tant revint e tant ala,
 Que *il la vit e ele lui*:
Mout s'entresguarderent andui.
 Ele ot demandé e enquis
 Cui fiz e dont esteir Paris;
 Fiere beauté en lui mirot:
 Mout l'aama e mout li plot.

.....

El veeir e el parlement
 Que il firent assez briefment,
 Navra Amors e lui e li,

Ainz qu'il se fussent departi.
 (vv. 4339-4358)

Na versión galega (cap. 40, 1. 15-25) achamos este delicioso cadro:

Et sentárōsse anbos en hū estrado et começarō a *falar*. Et *catáuāsse* anbos de moy boament et moyto amjúde, et faziāsse dous senbrātes. Et se sse algū delles vençía en seu *catar*, logo a pouca de ora alçaua os ollos, o mays toste que podiā. Et Elena... depouys que *o veu* et *co el falou*, quísolle moy grā ben.

Et Pares... parou moy ben mētes ēno fremoso cōtenēt de Elena et ēno seu catar et ēno senbrāt que ela faziā. Et ben entēdeu per y et soubo que o amaua de coraçō, et nō lle pesou. Et cōtoulle logo sua fazēda, assý cōmo el mellor soubo. Et a ela nō lle pesou nehua cousa que lle el dissesse. Et cōmoquer que a fala durou pouco entre elles, però sabede que anbos e dous forō uēçudos d'amor.

O segundo lance que imos abordar nesta comunicación refere a espedida de Troilo e Briseida, ou se se quer a súa última noite xuntos. Como este episodio é da propia creación do poeta, non ha de estrañar que a fantasía do autor o leve polo camiño da lírica contemporánea. Comenza o lance cun monólogo da heroína, especie de cantiga de amigo ou de *cansó de trobadoiriz* na que se acogulan os tópicos do amor dorido: lágrimas, coita insoportable, desexo de morrer, etc., provocados pola decisión de Príamo de entregala ós gregos. Curiosamente desde este momento o texto devén narrativo para nos explica-la chegada de Troilo onda a súa amada aquela noite (vv. 13295-13307):

La nuit vait a li Troïlus,
 Qu'iriez est si qu'il ne puet plus.
 Del conforter n'i a neient:
 Chascuns d'eus plore tendrement,
 Quar bien sevent que l'endemain
 Seront l'uns de l'autre lointain;
 N'avront plus aise ne leisor
 De faire ensemble lor amor.
 Tant com lor leïst, qu'il en ont aise,
 Vos di que l'uns d'eus l'autre baise;
 Mais la dolor qu'al cuer lor toche
 Lor fait venir par mi la boche
 Les lermes qu'il lor chiet des ieuz.

Unha noite de amor ensombrecida pola certeza dunha cruel separación, aínda que non poña en acción os típicos *gaite, mari jaloux, mesdisants*, prefigura sen dúbida o marco característico da *alba* ou *aube*; non se esquezna que os dous apaixonados amadores se lamentan, mentres aman, da decisión de Príamo que os vai separar para sempre.

Mais as coincidencias coa alba non rematan con estes versos, senón que a narrativa vai máis lonxe (vv. 13323-13326):

La nuit orent ensemble esté,
Mais mout lor a petit duré.
Assez fu griés li departirs,
Geté i ot plainz e sospirs.

Podemos afirmar que nos achamos diante do máis característico dos motivos tópicos da alba: a noite é corta para os amadores. Temos porende un argumento que nos permite afirmar que este lance amoroso é descrito conforme á estética deste xénero lírico. Para suliñarmos esta afirmación podemos acudir tamén á *Crónica Troiana* (cap. 197, 1. 3-13):

Aquela noyte uño Troylos veer Breçayda et *albergarõ* ambos. Et cada hũ quería cõfortar ao outro do pesar et da coyta que lle vija auer, et nõ podía, ca ben sabía que, *sol que o día fosse claro*, seríã partidos pera senpre, en gisa que nõca ja mays auerýan de ssy prazer nõ folgura, assý como soýan. Mays toda aquela noyte passarõ a sseu talét. Et cõ grã coyta que aujã ãnos corações, quando lles nõbraua que sse aujã a partir, seyãnlles as lágrimas perlas façes. El alý nõ auja orgullo nõ uergonça nehũa, ante maldiziã a quen os metera en tal coyta et en tal pesar et o que partira tã grãde amor... *Et nõ rreçeauã al ja tãto cõmo veer vïjr a manãa*, et ben lles semellou que, desdeque naçera, *nuca uirã noyte tã pequena*.

A tradución mellora o orixinal, ó noso entender, recriando o ambiente da alba, completando e matizando o texto de Benoît. Xa no principio observamos que *la nuit vait a li Troilus* é complementado na tradución con outra frase *e albergaro ambos* que, de non proceder da versión concreta utilizada polo autor da máis antiga versión ibérica, supón que este interpretou a escea como alba e quixo insinuar, co termo *albergar*, os tópicos *gésir* ou *jazer*. A palabra non é utilizada con este senso en ningunha das albas francesas que como tales aparecen nos repertorios¹⁰, mais ten claramente ese valor neste motete que, loxicamente, debería ser clasificado

entre as albas¹¹:

Biaus douz amis, or ne vous anuit mie
 Se d'estre ensamble fesos tel demourée,
 Car on dit: Qui bien aime a tart oublie.
 Pour ce n'iert ja nostre amor desevrée,
 Ne n'ai aillors ne desir ne pensée
 Fors seulement qu'ensamble estre puissomes!
 Hé biau cueurs doz, je voz aim seur tous homes:
 Aiez pitiés de vo loial amie,
 Et si pensés que par tans i soiomes,
 Pour mener joie, com amans a celée,
 Dieus! *quar noz herberjomes.*

As versións ibéricas suxiren a alba noutro momento en que o texto de Benoît é case insípido: *bien sevent que l'endemain Seront l'uns de l'autre lointain é traducido por ben sabía en toda gisa que, sol que o día fosse claro, seríã partidos pera senpre*, onde o perfil daquel subxénero lírico é moito máis nidio e o *lendemain* vólvese *claro día*, isto é *albor*.

Cómpre tamén suliñar que os textos ibéricos amplifican a frase *mout lor a petit duré* con este fermoso resultado: *Et nō rreçeauã al ja tãto cōmo veer vījr a manãa, et ben lles semellou que, desque naçerã, nūca virã noyte tã pequena*. Curiosamente, o primeiro membro desta frase lembra o refrán da máis antiga das *aubes* conservadas - a atribuída a Gace Brûlé: *Or ne hais rien tant com le jour*. Sen descartarmo-la posible influencia ovidiana do *Et querimur parvas noctibus esse moras*, cremos que se pode afirmar que, no momento de estar escribindo o *Roman*, Benoît coñecía algunhas albas máis ou menos popularizantes, máis ou menos cortesés; tamén se pode dicir que o xénero existía en Francia ou en Occitania antes de 1160, isto é o mesmo que afirmar que calquera das albas conservadas pola tradición manuscrita é posterior o lance do *Roman de Troie* que estamos a comentar, por seren do derradeiro tercio do século XII as primeiras datables. Estas conclusións, que non son pequenas, poderíanse complementar con outra: as traducións do medievo poden fornecer, e de feito fornecen, dados moi importantes para a interpretación da obra literaria, sobre todo, por documentaren interpretacións explícitas, incluso case contemporáneas, de moitos lances discutidos ou de difícil interpretación.

Camilo Flores Varela
 Universidade de Santiago

NOTAS

1. G. Raynaud de Lage, "Le Roman de Troie", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, Heidelberg, C. Winter-Universitätsverlag, 1978, t. IV/1, pp. 178-180.
2. R. Lorenzo Vázquez, ponencia lida na sesión inaugural de decembro de 1985 que será editada proximamente en *Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, Barcelona, PPU.
3. *Crónica Troiana*, ed. Lorenzo Vázquez, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.
4. G. Raynaud de Lage, *ob. cit.*, p. 179.
5. *Ibidem*, p. 180.
6. Refírome, por exemplo, a monólogos semellantes ós poemas da Condessa de Día que, sen seren cantigas de amigo, teñen voz feminina e contidos de cantiga de amor.
7. Expresión que nos cantares épicos parece opoñerse a *bone chanson* 'chanson héroïque'. Sería porende unha especie de escarño.
8. Coñecemos un só caso, trátase do poema *Chançon vueill faire de moi* de Jaquemin de la Vente, editado por A.J. e A. Langtors en *Chansons satiriques et bachiques du XIIIe siècle*, (CFMA, 23), París, H. Champion, 1974², nº XXIX, pp. 53-54.
9. Inda que consultamos e utilizamo-lo texto castelán correspondente da versión bilingüe da *Historia troyana*, editada por K.M. Parker, Santiago de Compostela, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1975, citamos sempre a versión galega aludida na nota 3. Ningún dos dous episodios se conserva na versión en prosa e verso.
10. Non aparece como alba nin en P. Bec, *La Poésie lyrique en France au Moyen Age* (XIIe et XIIIe siècles), París, Picard, 1977, vol I, p. 91, n. 1., nin tampouco en R.W. Linker, *A Bibliography of old french lyrics*, Universidade de Mississippi, 1979.
11. Leva o nº CLII do Cancioneiro de Montpellier no *Recueil de Motets français des XII et XIII siècles*, París, F. Vieweg, 1881, t. I, p. 172, editado por G. Raynaud et H. Lavoix.